

**ENGASA. Un grupo pioneiro no sector enerxético galego, 1982-2007**

ALBERTE MARTÍNEZ [dir.], ELVIRA LINDOSO, JESÚS MIRÁS  
A Coruña: ENGASANetbiblo. 2008  
[184 páxinas]

*Recibido:* 20 de abril de 2009

*Aceptado:* 14 de maio de 2009

Poucas veces temos a oportunidade de celebrar o aniversario dunha empresa galega cunha publicación na que se analiza polo miúdo a súa evolución. Por fortuna, ENGASA decidiu conmemorar os vinte e cinco anos da súa fundación con esta obra, realizada polo Grupo de Estudos de Historia da Empresa da Universidade da Coruña, e que nos permite gozar dun documento de grande interese para a comprensión dunha empresa peculiar no sector enerxético galego.

Se cadra, o primeiro aspecto que hai que destacar é o feito de que en ENGASA os socios son á vez empresas, e contan ademais con participación pública. A iniciativa descobre as posibilidades da colaboración empresarial. Son múltiples pequenas empresas, algunhas certamente antigas, que a finais do ano 1981 deciden unir os seus intereses para facerse un oco nun sector estratéxico como o enerxético. Na súa orixe trátase de empresas fundamentalmente distribuidoras e dalgunhas pequenas produtoras que se asocian no ano 1980 para unha mellor defensa dos seus intereses en torno a APYDE (Asociación de Produtores e Distribuidores de Enerxía), pero axiña xorde a posibilidade de que o negocio da distribución se fortalecese coa produción da electricidade que finalmente ían distribuír. Esta é a orixe de ENGASA como proxecto colectivo que permitía completar o ciclo do negocio e reducir a súa dependencia de grandes produtores como FENOSA. A isto debemos sumar a iniciativa pública de SODIGA (Sociedade para o Desenvolvemento Industrial de Galicia) que buscaba a potenciación da economía galega e paliar a dependencia do petróleo manifestada logo das crises petrolíferas dos anos setenta. Os pormenores da fundación analízanse no primeiro capítulo.

Nos seis capítulos seguintes os autores percorren, ademais, tanto as diferentes etapas de desenvolvemento empresarial como a súa organización interna e resultados, ofrecéndonos unha panorámica completa dos principais fitos que lle permitiron alcanzar a súa posición actual.

A primeira etapa –1982-1989– trátase no segundo capítulo, onde se destaca a escasa actividade que a caracterizou, e que estaba máis orientada á organización interna e á posta en funcionamento. Con todo, déronse os primeiros pasos para desenvolver a súa capacidade produtiva tanto no sector hidráulico como no eólico. O primeiro, ademais de estar na orixe do sector eléctrico galego e, polo tanto, de contar cunha ampla presenza na produción de electricidade, era sobradamente coñecido por algúns dos socios de ENGASA. O segundo, en cambio, resultaba totalmente

innovador tanto para os socios como para o conxunto do sector eléctrico galego e do español, o que vén demostrar a actitude renovadora que significaba esta empresa. Froito deste interese foi a instalación en Santa Comba do primeiro aeroxerador conectado á rede de distribución de Galicia (1983).

O terceiro capítulo aborda a etapa 1990-1998, en que comezan a poñerse en marcha os principais proxectos da empresa. O sector hidroeléctrico será a base da súa produción, e destacan as centrais do Tea e do Barbantiño. A central do Tea é a primeira minicentral de nova planta que entra a funcionar en Galicia ao abeiro da nova lexislación de fomento das enerxías renovables. Pero, ademais, nesta etapa ENGASA mantén o seu carácter emprendedor sumándose a iniciativas noutros sectores, entre as que destacan a súa participación no ano 1997 no capital de ALLARLUZ, empresa que construírá unha central de tratamento de biomasa, e en SOTAVENTO GALICIA, sociedade que promoverá a creación dun parque eólico experimental de comparación de tecnoloxías que aínda hoxe segue sendo un referente no Estado español. Durante esta época tamén destaca a compra de UDESA (Unión de Distribuidores de Electricidade, S.A.).

A partir do ano 1999 a empresa segue crescendo e diversificando a súa actividade, consolidándose definitivamente. As centrais hidroeléctricas do Umia e do Almofrei incrementan a capacidade produtiva de ENGASA. Con todo, o nacemento de ENGASA EÓLICA no ano 2002, coa participación accionarial de ENGASA, de JEALSA e doutros socios minoritarios é, sen dúbida, o acontecemento de maior relevancia porque supón a aposta decidida de entrar no ascendente negocio eólico, unha vez que a etapa experimental estaba superada e o novo contexto económico, normativo e tecnolóxico permitía pensar en obter importantes rendibilidades. Os parques eólicos de Xiabre (nas súas distintas fases), da Lagoa e os parques eólicos singulares (algúns deles en sociedade mixta cos concellos) de Pena Galluda, Covello, Catoira, Fofe, Batilongo e Agolada, son os proxectos que permiten situar a ENGASA como un dos referentes pioneiros na explotación eólica galega.

Os capítulos 5 e 6 mostran tanto a organización interna como os resultados da explotación e do financiamento. Despois duns primeiros anos comprensiblemente erráticos e cunhas ratios de rendibilidade negativa, a consolidación económica e financeira é patente e permite ser optimistas co futuro próximo da empresa.

Pero a historia de ENGASA non termina aquí. O capítulo 7 permítenos coñecer os retos en I+D aos que lles vén facendo fronte a empresa, así como os compromisos en responsabilidade social corporativa.

O libro complétase con interesantes apéndice sobre o sector eléctrico español e o galego, sobre a enerxía eólica en Galicia e sobre as empresas integradas en ENGASA, que facilitan a contextualización e unha mellor comprensión dos feitos narrados nos sucesivos capítulos.

En definitiva, os autores desta obra conseguiron cumprir xenerosamente cos obxectivos que lles foron encomendados. Por outra parte, os autores mostran o seu rigor científico ao non caer nunha perspectiva parcial e informarnos dalgúns conflitos sociais e ambientais que xurdiron nalgúns dos proxectos emprendidos pola em-

presa e dos continuos atrancos aos que tiveron que enfrontarse ao longo dos anos. Coñecemos moito mellor, logo da súa lectura, esta parte da recente historia do sector enerxético galego, pero tamén as posibilidades que para a nosa economía se abren cando se aposta seriamente pola participación activa de empresas galegas e cando estas deciden colaborar conxuntamente.

XOÁN RAMÓN DOLDÁN GARCÍA  
Universidade de Santiago de Compostela